

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO 25 DE NOVEMBRO: Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres e nenas.

Vivir sen violencia é un dereito de todas e todos.

A violencia machista conculca os dereitos e pon e risco a vida de moitas mulleres galegas e das súas fillas e fillos; que tanto de forma directa como indirecta son obxecto da violencia que leva a cabo dentro dos seus fogares, deixando secuelas imposibles de borrar.

Nos últimos anos, os avances no eido da tecnoloxía fixo que as maneiras de relacionarse mudaran. Con todo, e a pesar dos avances, a miúdo vemos como estas relacións se seguen construíndo sobre unha desigualdade enquistada na nosa sociedade, que se manifesta en actitudes cotiás que a reproducen e perpetúan. Estas relacións séguense baseando na opresión cara ás mulleres e relacións de poder.

É a xente máis nova a que emprega de forma maioritaria estas novas canles para relacionarse, o que nos leva a desvotar a idea de que a desigualdade entre mozos e mozas xa está superada. A realidade é ben distinta, a incidencia da violencia machista na poboación máis nova mudou o seu aspecto pero segue estando presente.

É imprescindible comprender que non se pode loitar contra a violencia cara ás mulleres sen avogar por un cambio profundo dos modelos de masculinidade e feminidade así como da maneira na que se constrúen as relacións afectivo-sexuais entre as mulleres e os homes.

Por iso, o Concello de Carballo ten o compromiso de traballar na prevención da violencia machista coas nenas e nenos, dedicando o esforzo e os recursos necesarios para acompañar á mocidade na construción de relacións baseadas no respecto, a liberdade, a autonomía e a igualdade. Buscando, deste xeito a creación de unha sociedade máis xusta e igualitaria, coa esperanza de que a lacra social de violencia machista se convirta nun mal recordo para a totalidade da sociedade.

O 25 de novembro é, pois, unha data onde cómpre denunciarmos estas discriminacións e onde se fai necesario comprometermos individual e socialmente para loitar contra a violencia de xénero.

Por iso propoñemos ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

Subscribir a presente Declaración

Manifestar a nosa máis enérxica repulsa á violencia que se exerce contra as mulleres e as nenas.

Comprometermos co resto das Institucións e axentes sociais a seguir traballando pola erradicación da violencia de xénero.

Traballar na prevención a través da educación e na sensibilización social tratando de implicar a todos os sectores e a toda a poboación.

Solicitar das autoridades competentes o compromiso de dotar de máis recursos e medios humanos aos xulgados de violencia de xénero

En Carballo, asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.